



Campionatos de España de Cetrería

O PONTEVEDRÉS CLAUDIO ABALO CARRERA, CAMPIÓN DE ESPAÑA DE BAIXO VOO

Os días 6, 7, 8 e 9 de decembro celebráronse en Torreico (Toledo) os tres campionatos: XII Campionato de España de Altanería sobre perdiz con falcóns e can de mostra, VII Campionato de España de Baixo Voo sobre liebre salvaxe, XV Campionato de España de Sky Trial ou pomba lanzada. Se de por si organizar un Campionato de España resulta máis que difícil, máis aínda organizar tres a un tempo.

O día 6 deron comezo coa recepción dos participantes e o sorteo dos turnos de voo. O día 7 a primeira hora deron comezo os voos na modalidade de baixo voo, con unha climatoloxía adversa, moita chuvia, néboa e frío. As lebres escasearon, pois as súas querencias víronse alteradas polas circunstancias climáticas e levantáronse moi poucas: 5 lebres no primeiro día. No campionato de altanería con perdiz, ao ser ésta sembrada, non houbo ningún problema. O mesmo no campionato de sky trial, ao realizarse con pomba lanzada. Ao día seguinte, aínda que cesou a chuvia, o vento fixo acto de presenza, poñendo máis dificultades aos cetreiros e aos seus paxaros. Como en Torrico había pouca densidade de lebres, decidiuse repartir aos participantes en dous cotos: o de Torrico e o de Malpica, moi cercano e con bastante densidade de lebres, o cal contribuíu a que o venres se levantaran máis leberes e se poideran presenciar lances moi fermosos.

Xa o sábado pola mañá, celebráronse as finais de altanería e sky trial e os participantes que restaban de baixo voo, que debido ás circunstancias climáticas houbo que repartilos en tres días. E non houbo final, xogáronse todo a un só voo. Houbo pouca densidade de lebres, pero as que se levantaron eran enormes; chegouse a pesar algunha das capturadas e pasaba dos 3 Kg 700 grs. O lance de Claudio foi moi preciso. O seu paxaro é unha femia de azor finlandés moi bonita, bastante grande cunha librea magnífica. Fixo un voo impresionante cunha captura espectacular, deixando cumprir. A lebre, que arrancou moi larga, foi perseguida un longo treito, entroulle pola cabeza e a lebre deu un bote enorme, levantando ao paxaro varios metros, pero non logrou soltarse da presa por moito que o intentou. O dito, un lance espectacular.

En sky trial gañou Manuel Rodríguez, un excelente criador de Xerez da Fronteira moi coñecido polos cetreiros españois, pois é un grande criador. E en altanería gañou Francisco Santos de Castela e León. Sirva como anécdota que é a primeira vez en España que un mesmo cetreiro gaña o Campionato de España dous anos consecutivos co mesmo falcón e co mesmo can. O falcón chamábase Alejandro, un híbrido de xerifalte e peregrino, un animal precioso, e a cadela, unha pointer branco-laranxa chamada Lisa: os dous forman un binomio que roza a perfección.

GABINETE DE COMUNICACIÓN

Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com